

# REGULAMENTO POLO QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

(Aprobado en Consello de Goberno do 05.06.2024)

## 1. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE CÁTEDRAS DE UNIVERSIDADE

As persoas candidatas pertencerán ás categorías de Titular de Universidade ou de Catedrático de Escola Universitaria.

A prelación establecerase segundo os seguintes criterios:

1º. Data da acreditación ao corpo de Catedráticos/as de Universidade, que será a que figure no certificado de acreditación nacional emitido pola ANECA.

2º. Antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña<sup>1</sup>.

Seleccionarase unha praza por rama de coñecemento, que será a que conste no certificado de acreditación nacional. No caso de que se convoquen un número de prazas superior ao de ramas de coñecemento, aplicaranse os criterios anteriores sen restricións de rama.

Terán prioridade as convocatorias de promoción interna sobre as de quenda libre.

## 2. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE PRAZAS DE TITULAR DE UNIVERSIDADE

A orde de prelación das prazas establecerase segundo os seguintes criterios:

**Primeiro.** Seleccionaranse os/as candidatos/as entre o profesorado que estea contratado na figura de Profesor/a Contratado/a Doutor/a ou de Profesor/a Permanente Laboral. A orde de prelación será a seguinte:

1º. Data da acreditación ao corpo de Titulares de Universidade, que será a que figure no certificado de acreditación.

2º. Antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña (1)

**Segundo.** Se as candidaturas seleccionadas segundo o criterio primeiro non cubrisen todas as prazas ofertadas na Oferta de Emprego Público (OEP), seleccionaranse candidaturas entre o profesorado que estea contratado na figura de Axudante Doutor/a LOU. A orde de prelación será a seguinte:

1º. Data da acreditación ao corpo de Titulares de Universidade, que será a que figure no certificado de acreditación.

2º. Antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña (1)

## 3. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE PRAZAS DE PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL

Co fin de determinar a orde de prelación das prazas, aplicaranse os criterios que se especifican a continuación:

**Primeiro.** Profesorado afectado pola disposición transitoria terceira dos Estatutos da Universidade da Coruña.

**Segundo.** Se as candidaturas seleccionadas segundo o criterio anterior non cubrisen todas as prazas ofertadas, terán prioridade aquelas candidaturas de profesorado Axudante Doutor/a LOU que remate o seu contrato antes do 31 de agosto do ano seguinte ao da aprobación da OEP.

**Terceiro.** No caso de que as candidaturas anteriores tampouco cubrisen todas as prazas

<sup>1</sup>A recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG 24/01/1990), do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) á Universidade da Coruña (DOG 24/12/2003) e da recoñecida no expediente persoal nos programas de formación posdoutoral.

ofertadas na OEP, ordenaranse as restantes candidaturas de profesorado Axudante Doutor/a LOU segundo a suma das seguintes valoracións:

1. Antigüidade como acreditado/a a Profesor/a Titular de Universidade (data que conste no certificado de acreditación) ou na avaliación positiva para Profesor/a Contratado/a Doutor/a (data de resolución de avaliación positiva asinada polo presidente da CGIACA, no caso de acreditación pola ACSUG, ou a data de efectos recollida na resolución do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, no caso de acreditación pola ANECA) a 1 de xaneiro do ano de aprobación da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano de forma proporcional. Máximo: 6 puntos.
2. Antigüidade como Persoal Docente na UDC, a 1 de xaneiro do ano de aprobación da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano de forma proporcional. Máximo: 8 puntos.

No caso de empate na suma das puntuacións anteriores, terá prioridade aquel/a profesor/a que primeiro remate o seu contrato como Axudante Doutor/a LOU.

**Cuarto.** No caso de que as candidaturas presentadas conforme aos puntos anteriores non cubrisen a totalidade das prazas ofertadas na OEP, consideraranse as de profesorado contratado interino de substitución contratado a tempo completo que se priorizarán de acordo cos criterios recollidos nos puntos 1 e 2 da sección terceira.

#### **4. PROGRAMAS DE CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO**

4.1. En cumprimento das disposicións legais vixentes, establécese un cupo de reserva do 15 % das prazas de profesorado permanente laboral e profesorado titular de universidade para a incorporación de persoal investigador doutor que superase a avaliación do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (I3) ou que obtivese o certificado como investigador/a establecido/a (R3) dentro do Programa Ramón y Cajal.

4.2. No caso de que non se utilicen todas as prazas previstas na anterior reserva, as sobrantes poderán ofertarse a outras persoas investigadoras de programas de excelencia nacionais ou internacionais recoñecidos pola Secretaría General de Universidades que obtivesen o certificado I3 ou R3.

4.3. Adicionalmente reservaranse as prazas precisas para dar cumprimento aos compromisos de estabilización de programas de retención e captación de talento propios da UDC e non contemplados nos puntos 4.1 e 4.2.

##### **Disposición adicional primeira**

A Vicerreitoría de Profesorado realizará, cando menos, unha convocatoria anual para a selección de cátedras de universidade, titularidades de universidade e prazas de profesor/a permanente laboral segundo os procedementos recollidos no presente regulamento.

As convocatorias publicaranse na Sede Electrónica da UDC tras a autorización da OEP.

A Vicerreitoría de Profesorado elaborará a prelación de prazas. Para isto poderá requirir a información que precise dos servizos da UDC, e das persoas e departamentos afectados. O resultado da prelación será comunicado a todos os departamentos da universidade e ao Consello de Goberno.

##### **Disposición adicional segunda**

En aplicación da disposición adicional décima primeira, punto 2 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, os Profesores e Profesoras Titulares de Escola Universitaria que, á entrada en vigor da citada orgánica, posúan o título de doutor ou doutora ou o obteñan posteriormente, e se acrediten especificamente no marco do previsto polo artigo 69 da citada lei, accederán directamente ao corpo de Profesores/as Titulares de Universidade, nas súas propias prazas.

En aplicación da disposición transitoria quinta, punto 4 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, previa solicitude, os/as Profesores/as Contratados/as Doutores/as poderán integrarse na modalidade de Profesores/as Permanentes Laborais, nas

mesmas prazas que ocupen, e computándose como data de ingreso a que tivesen na modalidade de orixe.

En aplicación da Disposición transitoria quinta, punto 7 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, as persoas contratadas como Colaboradores/as con carácter indefinido, posúan o título de Doutor ou o obtivesen tras a entrada en vigor de citada lei orgánica e reciban a avaliación positiva a que se refire o artigo 82.a) da citada lei, accederán directamente á figura de Profesora ou Profesor Permanente Laboral, nas súas propias prazas.

### **Disposición adicional terceira**

O/A profesor/a solicitante dunha praza que non acadase a promoción non poderá solicitar unha nova praza nos seguintes 5 anos, que se contarán dende a data da resolución da praza. Esta disposición non será de aplicación nos casos en que do suposto anterior non se derivase incremento no número de docentes permanentes ou con compromiso de estabilización na área.

### **Disposición derogatoria única**

Queda derogado o REGULAMENTO POLO QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (Aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 27/04/2017, modificado por acordo do 28/02/2018, do 27/02/2019, 25/02/2021).

### **Disposición final**

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.